

## *INSCRIPCIÓN EN EMPRESAS DE TRABAJO TEMPORAL*

*Anotarse nunha ETT é un medio relativamente rápido de atopar emprego, pero sempre será temporal, agás que a empresa na que se desenvolve o traballo decida contratar ao traballador de maneira estable. É unha boa maneira de acadar experiencia laboral, sobre todo , para aquelas persoas que buscan o seu primeiro emprego, tamén pode ser interesante para aquelas persoas que queren traballar de xeito estacional.*

*Para inscribirse nunha ETT hai que cubrir unha ficha e entregar un curriculum vitae . As ETTs realizan selección de persoal para empregos de curta duración e cunha baixa cualificación. A empresa que te contrata é a ETT e ésta “cede” a ese traballador a outra empresa que é onde se vai desenvolver o traballo. A empresa que paga ó traballador é a ETT.*

*Algunhas ETTs están especializadas por sectores (hostelería , comercio, etc) . Se te vas inscribir en algunha selecciona a máis axeitada e adapta o teu curriculum, ademais para inscribirte terás que presentarte en persoa , polo tanto debes coídar a túa imaxe e poñer en práctica unhas boas habilidades sociais. Tamén é posible que poidas cumprimentar o teu curriculum a través da súa páxina web.*